

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

### **ANUNCIO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE NA RÚA VALDECORBOS, EN EXECUCIÓN DO CONVENIO URBANÍSTICO PARA REAXUSTE DE ALIÑACIÓNS E REURBANIZACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO CON REHABILITACIÓN DO LAVADOIRO DE SAN AMARO.**

O Pleno do Concello, en sesión de 13 de abril de 2018 , adoptou o seguinte acordo:

“(…) Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao Estudo de Detalle formulado, mediante iniciativa particular, por don Julio Araujo Loureiro, (r/p don Ignacio Diz Gómez), instrumento urbanístico redactado polo arquitecto don Francisco Javier Diz Gómez, con entrada no rexistro do Concello o 14/06/2016, baixo o número 2016021857, para o reaxuste de aliñacións na rúa Valdecorbos s/n, na zona do lavadoiro público de San Amaro, Mourente, en desenvolvemento do “Convenio urbanístico asinado o 19/10/2016 entre o Concello de Pontevedra e don Julio Araujo Loureiro, para reaxuste de aliñacións e reurbanización de espazo público con rehabilitación de lavadoiro de San Amaro, Mourente”, cuxo contido tamén se ratifica, facendo constar que esta aprobación queda condicionada ao cumprimento da medida protectora e correctora imposta pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en informe do 2/03/2018, que condiciona o informe favorable á conservación do muro de cachotería existente, posto que se trata dun elemento delimitador do espazo público e que mantén unha continuidade co do atrio.

Segundo.- Notificar o presente acto ao Sr. Araujo Loureiro con ofrecemento dos recursos procedentes, e requirir a don Ignacio Diz Gómez, don Fernando Lois Vidal e dona Susana Ferreiro Rodríguez, como novos propietarios dos predios obxecto do presente expediente por compravenda realizada ao Sr. Loureiro, para que procedan á sinatura do texto definitivo do convenio, asinado inicialmente en data 19/10/2016 -no que xa se ratificaron expresamente no seu escrito de data 09/04/2018- no prazo de quince días dende a notificación do presente, con advertencia expresa de que, transcorrido o devandito prazo sen asinar o texto definitivo, no que unicamente se novará a identidade dos asinantes, o Convenio quedará sen efecto.

Terceiro.- Dispor a publicación do anuncio do acordo de aprobación definitiva e do texto íntegro do convenio no “Diario Oficial de Galicia”, con indicación expresa de que o contido íntegro estará a disposición do público na sede electrónica do Concello de Pontevedra [www.sede.pontevedra.gal](http://www.sede.pontevedra.gal).

Unha vez publicado o anuncio no DOG, o instrumento de planeamento aprobado será inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, a petición deste Concello, para o que se remitirá un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado pola Secretaría do Pleno.

O acordo e o Convenio, ademais de na sede electrónica, serán obxecto de publicación, unha vez recibido o certificado de inscrición no Rexistro do instrumento de planeamento, no “Boletín Oficial” da Provincia de Pontevedra, para lograr a súa eficacia e executividade, consonte ao establecido na lexislación de réxime local, concretamente, artigos 70.2, 70 ter e 65 da Lei reguladora das bases do réxime local.

Unha vez ratificado, o texto definitivo do Convenio será tamén inscrito, en canto se proceda á súa creación, no Rexistro Municipal de Convenios Administrativos Urbanísticos do Concello.

Cuarto.- Notificar este acordo individualmente, con ofrecemento dos recursos procedentes, a todas aquelas persoas que figuren como interesados ou constituídos en parte no expediente, con comunicación á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.”

O que se fai público para a súa executividade, significándose que contra o acto de aprobación definitiva do Estudo de Detalle, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado, o recurso contencioso administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, consonte ao establecido nos artigos 10.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo elo sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.



Así mesmo, infórmase que nestas datas xa se atopa publicado na sede electrónica do Concello de Pontevedra ([www.pontevedra.gal](http://www.pontevedra.gal), ligazón exacta a día de hoxe: <http://www.pontevedra.gal/PXOU/Lavadoiro-San-Amaro---Estudo-detalle.pdf>) o contido íntegro do documento do Convenio e o Estudo de Detalle aprobado definitivamente, en cumprimento da Lei 9/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Pontevedra, 26 de abril de 2018.

O Alcalde

O Secretario Xeral do Pleno  
(P.D, A Técnica de Administración Xeral do SUMAPH)

